



CONCELLO DA TEIXEIRA (OURENSE)

Estr. Ivedo – Valilongo, nº 19 C.P. 32765 Tel. 988 20 74 00 Fax. 988 20 74 45 CIF. P-3208100B
www.ateixeira.es ... E-Mail: concello.ateixeira@eidolocal.es

Luis B. Movilla Vázquez, Secretario-Interventor do Concello da Teixeira, provincia de Ourense,

CERTIFICO:

Que a Corporación Municipal do Concello da Teixeira con data 19 de novembro de 2020, adoptou o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade:

“

O Concello da Teixeira foi beneficiario dunha subvención para a elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES).

O obxecto deste Plan é o compromiso de redución de emisións para o período 2019-2030 así como novas accións de mitigación a executar nese período.

O Concello prevé a redución das emisións dos seus edificios, instalacións e equipamentos nun 40 % con respecto ó ano 2019 que é o que se tomou como referencia aplicando medidas destinadas á mobilidade sostible, aumento da eficiencia enerxética en edificios, instalacións e equipamentos públicos, emprego de fontes de enerxía renovable, adquisición de enerxía verde certificado así como a información e concienciación dos empregados públicos municipais.

Co desenvolvemento deste obxectivo o concello da Teixeira colocárase na senda de acadar a neutralidade climática para o ano 2050, obxectivo asumido pola política europea do clima.

Mediante acordo plenario de data 2 de abril de 2019 acordouse a adhesión do Concello da Teixeira ao PACES.

Polo Sr. Alcalde expónse ao Pleno o contido do PACES redactado pola empresa Sicasoft Solutions S.L, adxudicadora do contrato, e financiado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e vivenda, Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático segundo resolución de data 28 de agosto de 2020.

Exposto o anterior, por unanimidade dos membros presentes, o Pleno Municipal acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente o “Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable”

Segundo: Dispoñer a exposición pública, por período de trinta días hábiles do dito Plan, a efectos de consulta pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro: Proceder a presentación do PACES na páxina web do Pacto tan e como se indica no punto 2 do artigo 19 da orde de subvención.

Cuarto: De non terse presentadas reclamacións ou suxestións durante o prazo anterior , o PACES entenderase definitivamente aprobado.

.....”

E para que así conste asino o presente certificado de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde D. Miguel Antonio Cid Álvarez.

ASINADO ELECTRONICAMENTE

